



DECRETO

Expediente nº: 76/2025

Asunto: Entroido

Procedemento: Accións de carácter cultural

Vistas as Bases reguladoras do concurso de comparsas e disfraces de Entroido para o ano 2025, e atopadas conformes.

Atendido que, en base ao disposto no artigo 25.2.m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidade Autónomas, entre outras, en materia de promoción da cultura.

Considerando o disposto nos artigos 23 e 24 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións nos artigos 21.1.f) e s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.p) e s) da Ley 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras do concurso de comparsas e disfraces de Entroido para o ano 2025, cuxo texto é o seguinte:

"BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE COMPARSAS E DISFRACES DE ENTROIDO"

A Área de Cultura do Concello do Pereiro de Aguiar, convoca o concurso de comparsas e disfraces para o Entroido de 2025.

Artigo 1. Destinatarios

Poderán participar calquera persoa ou grupo de persoas que presenten a solicitude no prazo establecido en ditas bases.

Artigo 2. Lugar e prazo de inscrición

O prazo de inscrición para participar no desfile do sábado de Entroido, será desde o 27 de xaneiro ao 21 de febreiro, ambos incluídos.

As inscricións estarán dispoñibles nun formulario en liña na web: pereiro.gal.

Artigo 3. Condicións de participación.

O desfile terá lugar o sábado día 1 de marzo , ás 17.30 h. e a saída será pola estrada que vai ao encoro de Cachamuiña.





- A cada inscrito asignaráselle un número. Previamente ao desfile, tanto na web oficial, pereiro.gal, como por vía telefónica comunicaráselle a súa posición de saída no desfile.
- Todos os vehículos que participen nas comparsas, deben chegar a través do formulario de inscrición:

Copia da póliza do seguro obrigatorio de circulación.

Copia da inspección técnica do vehículo.

Documentación do vehículo e remolque (de ser o caso).

- As carrozas deben portar o seu extintor en regra.
- Os participantes no desfile comprométese a responsabilizarse dos actos ou accións que se produzan no mesmo, eximindo ao Concello do Pereiro de Aguiar, de calquera responsabilidade.

Artigo 4. Categorías

Establécense as seguintes categorías:

- Comparsas de máis de 10 participantes.
- Comparsas de 3 a 10 participantes.
- Individuais ou parellas.
- Infantís.

Artigo 5. Premios

Os premios por categoría estarán distribuídos como segue:

Comparsas de máis de 10 participantes:

1º premio. 500 euros.

2º premio: 300 euros.

3º premio: 150 euros

Comparsas de 3 a 10 participantes.

1º premio. 250 euros.

2º premio: 150 euros.

3º premio: 100 euros.

Individual ou parellas.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

1º premio. 100 euros.

2º premio: 75 euros.

3º premio: 60 euros.

Infantil

1º premio. Vale 75 euros en xoguetería.

2º premio: Vale 60 euros en xoguetería.

3º premio: Vale 40 euros en xoguetería.

Artigo 6 : Xurado.

O xurado está formado por persoal alleo a organización, e terá en conta a hora de valorar os seguintes criterios:

A posta en escena, á sátira, a animación musical, a creatividade, a elaboración do vestiario.....

Artigo 7º. Pago de premios

O pago dos premios faranse mediante transferencia bancaria, polo que, no prazo de 10 días naturais, deberán achegar copia do DNI, no caso de que sexan comparsas ou grupo deberan achegar o DNI da persoa que fixo a inscrición, e certificado do número de conta emitido pola entidade bancaria.

No caso de asociacións, copia do CIF e certificado do número de conta emitido pola entidade bancaria.

Máis información:

Biblioteca Pública Municipal.

No teléfono 988.25.98.39

No enderezo electrónico: cultura@concellopereiro.com"

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución na web municipal, no taboleiro de anuncios da





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Casa do Concello e en calquera outro medio que se considere conveniente para xeral coñecemento.

Mándao e asíno o alcalde, Luis Menor Pérez, en O Pereiro de Aguiar, o día indicado na marxe. Dou fe, o secretario.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

